FICHA DE BOA PRÁCTICA

DATOS DE IDENTIFICACIÓN	
	Nome da boa práctica:
	Prevención de Acoso Sexual. Establecemento de medidas para evitar e xestionar situacións de acoso sexual.
	Entidade que a promove:
	CTAG
	Concello:
	O Porriño, Pontevedra

CONTEXTO. SITUACIÓN INICIAL

A Fundación CTAG (Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia) é unha entidade adicada á investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no sector da automoción. Aínda que non se reportaron casos de acoso sexual na empresa, non existía un protocolo claro para previr e actuar ante situacións de acoso sexual ou por razón de sexo. A falta de procedementos específicos deixaba ás persoas empregadas sen unha guía clara para xestionar estes casos.

DESCRIPCIÓN DA BOA PRÁCTICA

Elaborouse e distribuíuse unha guía de actuación en casos de acoso sexual ou por razón de sexo, accesible para todo o persoal. Esta guía establece procedementos claros para denunciar e xestionar situacións de acoso, e complementouse con formacións específicas para sensibilizar ao persoal. Ademais, designouse a un asesor en materia de acoso sexual para ofrecer apoio confidencial ás persoas afectadas.

RESULTADOS OBTIDOS

O persoal está agora máis sensibilizado sobre a prevención do acoso, e fortaleceuse a confianza nos mecanismos internos para xestionar estas situacións. A contorna laboral percíbese como máis seguro, e creouse unha cultura de tolerancia cero cara o acoso sexual ou por razón de sexo.